



Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B JVC	Documento 10517I19XZ	
Código de verificación  5N07 0G3Z 1I73 1X46 0BE7	Expediente 105/2023/7674	
	Fecha 13-12-2023	

RESOLUCIÓN

APROBACIÓN da CONVOCATORIA ESPECÍFICA para a CONCESIÓN, en réxime de concorrancia NON COMPETITIVA, de AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI de PERSONAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) do CONCELLO da CORUÑA para o ano 2024.

Logo de ver o informe-proposta precedente emitido polo órgano instrutor deste procedemento de concesión de subvencións, o xefe do Servizo de Servizos Sociais, coa conformidade da coordinadora xeral da Área de Benestar Social, de acordo co establecido na Base 26 das Bases reguladoras desta convocatoria específica convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2024 (tamén denominadas "Bono-Taxi") durante o ano 2024;

Primeiro.- APROBAR, de forma anticipada, a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2024 (tamén denominadas "Bono-Taxi") no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de abril de 2005 e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña nº 40 do día 19/02/2005, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de 125.000,00 euros.

Segundo.- APROBAR as Bases Reguladoras da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2024 (tamén denominadas "Bono-Taxi"), nas versións que se indican de seguido (en diante, BBRR Bono-Taxi 2024) e que constan no expediente ca identificación electrónica que se indica:

- BBRR Bono-Taxi 2024, en versión en idioma castelán:
Código documento: 10517I19XT
Código de verificación (CVS): 210Z 4U3Z 5G1Q 3G6N 0VUJ
- BBRR Bono-Taxi 2024, en versión en idioma galego:
Código documento: 10517I19XS
Código de verificación (CVS): 5Q6D 0L4L 144F 3F3Q 08QB

Terceiro.- RETER crédito para esta convocatoria específica de subvencións (axudas de bono-taxi 2024) con cargo á aplicación orzamentaria 51.231.480.06 do orzamento municipal, segundo os período e exercicios orzamentarios que se indican:

Obxecto	Período mensual de imputación do gasto do ano natural 2024	Exercicio económico-orzamentario	Importe da Retención de Crédito
Convocatoria Bono taxi 2024 (Tramitación anticipada)	De xaneiro ata novembro do ano 2024 (01/01/2024 ata 30/11/2024)	2024	95.000,00 euros
	En decembro do ano 2024 (01/12/2024 ata 31/12/2024)	2025	30.000,00 euros
Importe total obxecto convocatoria Bono Taxi 2024:			125.000,00 euros

En todo caso, a concesión das subvencións previstas nesta convocatoria de subvencións (axudas de bono-taxi 2024) quedará condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios de referencia no momento da resolución da concesión.

Cuarto.- REMITIR, a través da Intervención Xeral Municipal, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información e a documentación que resulte necesaria coa finalidade de que se publique o extracto desta convocatoria específica de subvencións (axudas de bono-taxi 2024) no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

Quinto.- PUBLICAR no Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello da Coruña e na páxina WEB municipal do servizo sociais municipais, un extracto da convocatoria aprobada aos efectos de dar publicidade e difusión a esta convocatoria específica de subvencións (axudas de bono-taxi 2024) entre as persoas destinatarias da mesma, trala súa publicación no BOP da Coruña.

Sexto.- ENCOMENTAR ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación destas axudas e o seguimento deste expediente de convocatoria específica de subvencións (axudas de bono-taxi 2024).

O presente acordo pon fin a vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que adopte este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (segundo os artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano competente desta convocatoria de subvencións,

A Segunda Tenente de Alcaldesa e Concelleira delegada da Área de Benestar Social,

Por delegación da Xunta de Goberno Local segundo o apartado I.i) do seu acordo do día 05/07/2023, de delegación de atribucións nos tenentes/as de alcaldesa responsable das áreas de xestión, establecidas polo Decreto de Alcaldía nº 4538/2023, de fecha 21/06/2023, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de A Coruña, nº 131 de fecha 11/05/2023;

Eudoxia María Neira Fernández.